

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2023**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo primeiro tenente de alcaldesa, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

1. **LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para modificación exterior e interior dunha nave existente con licenza de actividade 252/90, destinada a taller de reparación e venda de maquinaria agrícola, no núcleo rural tradicional de portela+muxa de abaixo, parroquia de San Salvador de Muxa (exp. 2021/Y001/000048); para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Monzón, número 2, resultante da licenza de parcelamento número licenza 354/2000 (exp. 2021/Y001/000232) e para ampliación de nave de uso industrial con licenza nº 207/18 e comunicación de actividade nº 2020/Y012/000125, para planta de lacado de metais na rúa Eleizegui López Antonio, número 9, vial E - parcela K3.4, Parque Empresarial as Gándaras (exp. 2023/Y001/000146).

Acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición interposto contra a denegación de licenza de primeira ocupación, exp. 2020/Y002/000039, para ampliación dunha nave para granxa de polos en Muxa (exp. 2023/P014/000110).

Tamén se acorda desestimar o recurso potestativo de reposición contra a resolución adoptada no procedemento 2022/Y002/000055 de primeira ocupación para unha estación de servizo desatendida na estrada LU-530 P.K. 1+800, Castelo de Arriba (exp. 2023/P014/000112).

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac7934654965613212579.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-11-2023

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas na contratación de patrocinio publicitario co Club Baloncesto Breogán Sad., así como do gasto e adxudicación por procedemento negociado sen publicidade (exp. 2023/C005/000010).

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra “acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que atravesa o núcleo rural de Cacabelos (Santo de Mazoi) obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación”. exp. ref. 2023/C002/000007.

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórrdase aprobar o escrito no que solicita a bonificación do 95% da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, a favor de novas instalacións completas de ascensor en edificios, referente á licenza urbanística para melloras de accesibilidade entre a planta terceira e cuarta do edificio sito na rúa Bidueiro, número 15.

**4. PERSOAL.-** Acórdase a prórroga da comisión de servizos de 1 posto de auxiliar administrativo no servizo de Facenda Local do Excmo. Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, así como ás prazas reservadas a promoción interna.

### **ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL**

**5. IGUALDADE.-** Acórdase a aprobación convocatoria subvencións concurrencia do servizo de igualdade ano 2023.

### **ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

**6. CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.-** Acórdase aprobar a subvención de carácter nominativo ao círculo das artes (G-27.006.238) para a realización da actividade: "Celebración de actos culturais no Salón Rexio", por importe de 5.500,00 €.

Tamén se acorda aprobar a subvención de carácter nominativo á Asociación provincial de empresarios de hostelería e turismo de Lugo (G-27.021.005) para a realización da actividade: "Concurso de tapas e outras iniciativas", por importe de 18.000,00 €.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**